

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 15-06-2023, ditou a resolución con número 1563/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Listaxe definitiva de admitidos/as e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna, da vacante de Oficial Mantemento de Obras (C2) incluída na OEP Ordinaria de 2022 do concello de Carballo, mediante o sistema de concurso - oposición.

EXPEDIENTE: 2023/E001/000011 - OFICIAL MANTEMENTO OBRAS.

Antecedentes

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 317/2023 de 7 de febreiro de 2023 aprobáronse as bases xerais e bases específicas para a cobertura, en quenda de promoción interna, de seis (6) vacantes incluídas na OEP Ordinaria de 2022 do concello de Carballo, entre as cales se atopa unha praza de Oficial Mantemento de Obras (Grupo C, Subgrupo C2), pertencente á escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais e clase Persoal de Oficios.

Publicouse anuncio da aprobación das bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna, de seis (6) vacantes incluídas na OEP Ordinaria de 2022 do concello de Carballo (2022/E003/000005) no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 30, do 13/02/2023.

Publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna, de seis (6) vacantes incluídas na OEP Ordinaria de 2022 do concello de Carballo no Boletín Oficial do Estado núm. 49, do 27/02/2023, establecéndose un prazo de presentación de solicitudes de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE. Dito prazo de presentación de solicitudes rematou o 20/03/2023.

Segundo.- Consta no expediente informe da Técnica de Persoal onde informa sobre a definición dos requisitos dos membros do tribunal e manifesta a súa conformidade na composición do tribunal cualificador proposto.

Á vista do anterior e rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, de conformidade co establecido na Base Sétima da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), ao non existir aspirantes excluídos/as e en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna, da vacante de Oficial Mantemento de Obras (C2) incluída na OEP Ordinaria de 2022 do concello de Carballo, mediante o sistema de concurso - oposición.

Admitidos/as:

APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
LORENZO REINO	JOSÉ LUIS	***5630**	NON*

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000011
Exp. 2023/G003/001630

--	--	--	--

* Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel Celga 3.

Segundo.- Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Oitava da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: **Lorena Castrillón Manso**
Enxeñeira Técnica OTM do Concello de Carballo
Suplente: **Carmen del Río Rodríguez**
TAX - Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo

Vogal 1:

Titular: **José Manuel Facal Fariña**
Enxeñeiro Técnico OTM do Concello de Carballo
Suplente: **Jesús Gende Gerpe**
Arquitecto Técnico do Concello de Carballo

Vogal 2:

Titular: **José Manuel Mariño Velo**
Xefe da Brigada de Obras do Concello de Carballo
Suplente: **Luis Alberto Rodríguez Pose**
Oficial de Obras do Concello de Carballo

Vogal 3:

Titular: **Jesús Pereira Fraga**
Oficial de Obras do Concello de Carballo
Suplente: **Luis Gende Couto**
Oficial de Obras do Concello de Carballo

Secretaria:

Titular: **Patricia Añón Vázquez**
Administrativa OTM do Concello de Carballo
Suplente: **Susana Mariño Lorenzo**
TAX - Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo

De acordo coa Base Oitava da convocatoria nomear como asesora do Tribunal, que actuará con voz e sen voto, a D^a. **María Carme Pereiro Felipez**, Técnica de Normalización Lingüística do Concello de Carballo, para a realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Terceiro.- Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva e a **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar **o luns 26 de xuño do 2023 ás 9:00 horas**, no Almacén da Brigada de Obras, sito na Avda. Revolta, Carballo.

Cuarto.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración dos **exercicios da fase de oposición** que terá lugar **o luns 26 de xuño de 2023**, no Almacén da Brigada de Obras, sito na Avda. Revolta, Carballo.

- Primeiro exercicio, exercicio teórico - práctico: **ás 11:30 horas**.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000011
Exp. 2023/G003/001630

- Segundo exercicio, proba específica de coñecemento da Lingua Galega: **ás 14:00 horas.**

De acordo coa Base Décima da convocatoria,

PRIMEIRO EXERCICIO: Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de dúas horas un exercicio teórico-práctico, a elixir de entre 2 propostos polo tribunal, relacionados co Anexo que se achega as bases da convocatoria, sen que os dous supostos poidan versar sobre unha mesma materia das encadradas no temario anexo.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos, e será preciso acadar unha puntuación mínima de 30 puntos para superalo.

Neste exercicio valorarase a sistemática na planificación e formulación de conclusións, o coñecemento das funcións para desempeñar, o adecuado manexo da lexislación aplicable e a claridade na aplicación. No mesmo poderán ser formuladas preguntas específicas, de contido teórico, relativas aos extremos sobre dos que verse o suposto.

Para realizar este exercicio os aspirantes poderán facer uso dos textos normativos que consideren oportunos, sempre que non se trate de libros de desenvolvemento teórico, ou comentados, admitíndose, non obstante, os compendios normativos con pequenos comentarios e xurisprudencia asociada.

SEGUNDO EXERCICIO: De carácter obrigatorio só para aqueles aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de Celga que corresponda de acordo co previsto na base cuarta, letra d) ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

Así, os aspirantes que non acrediten posuír, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de coñecemento do galego requirido, nos termos do previsto no apartado d) da base cuarta das normas da convocatoria, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega.

Dita proba consistirá en traducir un texto (facilitado polo Tribunal, inmediatamente antes de celebrarse a proba), e sen axuda de dicionario, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 30 minutos e cualificará aos aspirantes como "apto" ou "non apto", correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto; quedando eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non acaden dita cualificación de apto.

Os aspirantes que non acrediten posuír o CELGA esixido, ou que, alternativamente, non teñan sido declarados aptos na proba específica de galego, non superarán o proceso.

Quinto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do concello de Carballo e na páxina web municipal.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000011
Exp. 2023/G003/001630

novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto